

Renovada e coñecida Moure

Unha máxica combinación de palabras

MONTSE PENA PRESAS

A quinta entrega de narrativa para o lectorado adulto de Teresa Moure faíños volver á orixe da súa escrita, ás esenciais que marcaron dende o comezo a súa traxectoria literaria e cada vez a delimitan máis. Dende a publicación de *Herba Moura* en 2005, a autora conta cun público fiel que segue tamén a súa produción ensaística con goceiro. Porque entre a ficción e a non ficción mouriana existen fortes velleiros que elaboran un compacto macrotexto. A reivindicación do feminismo e do ecoloxismo son os dous eixos principais do mesmo, ao erixirse case que sempre como temáticas principais. Mais o estilo que o envolve todo, recursos revisitados –como o multiperspectivismo–, certas temáticas revisitadas –como a importancia da memoria individual e social ou a volatidade das persoas e personaxes con perfís semellantes son os condimentos dunha obra que se reinventa a si mes-

ma á vez que aumenta as súas fontes.

A *intervención* nárnanos o encontro de catro personaxes singulares que se deciden a levar a

cabo unha acción artística para incidir na conciencia social sobre a natureza. Son Leandro, un inquestrado mozo estudante de historia da arte; a súa nai Clara, dermatóloga e amante das plantas por tradición familiar; Daniel, un pianista famoso retirado a consecuencia da súa perda de memoria; e Canela, unha profesora de historia, amiga de Leandro. A novela entretécese dende as diferentes perspectivas e tempos que nos achegan os catro diarios que protagonistas escriben. Estes lévannos ao seu pasado, revelando a idea de que a infancia, os acontecementos que foron, márcannos para sempre aínda que non o coñecemos. Entre eles, amor, paixón, amiza-

des e ilusións entrecruzadas, intereses e arelas que chegan ou non a consolidarse, mais que Moure transmite con mestría introducínndonos nun universo en que os sentimentos son o que verdadeiramente importa. Aínda que manquen. Ao par disto, a reflexión sobre o valor e a validez da arte e as consecuencias políticas que esta pode ter na vida cotiá son o marco principal –o xeito de intervir da autora dende o que cómpre interpretar o texto–. No entanto, aparecen moitos dos símbolos xa habituais na escrita mouriana: as flores, as plantas e a natureza como conformadoras da vida (como o facían en *Herba Moura*); a pel como sepello da alma, do que se tenta agochar (ao xeito de *Benquerida Catástrofe*); a importancia dos pequenos detalles que o trocan todo (á maneira d'*A casa dos Lucarios*); e a familia como núcleo do que se parte pero do que ás veces cómpre afastarse (pensemos en *A xeira das árbores*). Se ben nalgunha destas novelas a tese facíase por veces abondo evidente, *A intervención* trae a mellor escrita de Moure: a que nos envolve e lembra que as mellores historias dependen dunha máxica combinación de palabras. MOURE, Teresa, *A intervención*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP. 16, 50 €

